

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



PROXECTO DEFINITIVO DE PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A ADQUISICIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO DO PLENO DOMINIO DE VIVENDAS BALEIRAS SITUADAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO COA FINALIDADE DE AMPLIAR O PARQUE PÚBLICO DE VIVENDA EN ALUGUEIRO. EXPTE. NÚM. 2266/433.

ÍNDICE

1. DISPOSICIÓNS XERAIS. RÉXIME XURÍDICO
2. OBXECTO DO CONTRATO
3. ORZAMENTO
4. VIXENCIA
5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR
6. PROCEDEMENTO:
 - 6.1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN
 - 6.2. MESA DE SELECCIÓN
 - 6.3. FORMA DE ADXUDICACIÓN
7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS
8. FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS
9. APERTURA DE OFERTAS. CUALIFICACIÓN E VALORACIÓN
10. REQUISITOS DAS OFERTAS
11. CONDICIÓNS TÉCNICAS E ECONÓMICAS DAS VIVENDAS:
 - 11.1. CONDICIÓNS XERAIS
 - 11.2. CONDICIÓNS TÉCNICAS EN RELACIÓN CO ÁMBITO TERRITORIAL
 - 11.3. CARACTERÍSTICAS MÍNIMAS DE APTITUDE DAS VIVENDAS E ELEMENTOS COMÚNS DO INMOBLE
 - 11.4. CONDICIÓNS ECONÓMICAS
12. INSPECCIÓN E RECOÑECIMENTO DAS VIVENDAS
13. TAXACIÓN. DETERMINACIÓN DO PREZO
14. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA ADXUDICAR. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE COMPRAVENDA DA VIVENDA



15. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE COMPRAVENDA DA VIVENDAS

16. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. NOTARIO. PRAZOS

17. DEREITOS E OBRIGACIÓNS

18. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE

19. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

20. EXTINCIÓN DO CONTRATOS

21. TRIBUNAIS

ANEXO I.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E DESCRICIÓN DA VIVENDAS

ANEXO II.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

1. DISPOSICIÓNS XERAIS. RÉXIME XURÍDICO.-

A) O contrato regulado polo presente prego de condicións cualifícase como contrato privado en tanto que ten o carácter de patrimonial, de acordo co previsto no art. 9.2 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; *BOE núm. 272, de 09/11/2017* (en diante LCSP) e está excluído polo tanto da aplicación da LCSP; non obstante rexerse polas súas normas especiais, de acordo co art. 4 LCSP aplicaranse os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

B) Este contrato rexerase polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán as partes; e en todo o non previsto nos mesmos estarase en canto a súa preparación e adxudicación á normativa vixente en materia de contratación administrativa, arts. 115-187 LCSP e en canto aos seus efectos e extinción, á normativa patrimonial das entidades públicas no que resulte aplicable e ao dereito privado, art. 8.1.c) en relación co art. 110.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; *BOE núm. 264, de 04/11/2003* (en diante LPAP) e art. 11.1 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; *BOE núm. 161, de 07/07/1986* (en diante, RBEL).

Lexislación estatal básica:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; *BOE núm. 80, de 03/03/1985* (en diante LRBRL) e arts. que teñan carácter básico do Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; *BOE núm. 96, de 22/04/1986* (en diante TRRL), consonte a súa Disposición Final Sétima; así mesmo, arts. que reproduzan estas normas básicas do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais; *BOE núm. 305, de 22/12/1986* (en diante ROF) e do RBEL,

-Preceptos de aplicación xeral ou carácter básico da LPAP e do Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas; *BOE núm. 226, de 18/09/2009* (en diante RXLPAP), segundo o previsto nas Disposicións Finais Segunda e Terceira LPAP,

-Disposicións Adicionais Segunda, Terceira, Decimoquinta, Decimosexta e Decimosétima da LCSP,

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



-Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común; *BOE núm. 236, de 02/10/2015* (en diante LPAC),

-Lei 12/2023, de 24 de maio, polo dereito á vivenda; *BOE núm. 124, de 25/05/2023* (en diante LDV).

Lexislación autonómica:

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; *DOG núm. 149, de 05/08/1997* (en diante LALGA),

-Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia; *DOG núm. 141, de 24/07/2012* (en diante LVGA).

Lexislación supletoria:

-ROF e preceptos non básicos do TRRL,

-RBEL,

-Preceptos non básicos da LPAP e RXLPAP,

-No seu defecto, resultarán de aplicación as normas de Dereito Privado e de conformidade co art. 4 LCSP aplicaranse os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Lexislación de dereito privado:

-Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia; *DOG núm. 124 de 29/06/2006* (en diante LDCGA) e Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil; "*Gaceta de Madrid*" núm. 206 de 25/07/1889 (en diante Cod. Civ.)

C) Terán carácter contratual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

-O presente prego de cláusulas administrativas particulares,

-A oferta da persoa adxudicataria,

-O documento no que se formalice o contrato.

No caso de discordancia entre este prego e calquera outro dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o presente prego.

2. OBXECTO DO CONTRATO.-

O obxecto do contrato ao que se refire o presente prego é a adquisición por parte do Concello de Vigo, a través da xerencia municipal de Urbanismo, do pleno dominio de vivendas baleiras situadas no termo municipal de Vigo, entendendo por tales as que estean libre de cargas e gravames, arrendatarios, ocupantes e precaristas, coa finalidade de ampliar o Parque Público de Vivenda en Alugueiro.

Inclúese no obxecto do mesmo a posibilidade de adquirir as vivendas protexidas que se oferten á Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade coas condicións da cualificación e acreditando en todo caso a/s autorización/s para a venda e a/s notificación/s da decisión de alleamento a Administración autonómica que sexan pertinentes, ou que as adquira a Xerencia Municipal de Urbanismo mediante o exercicio do dereito de tanteo e/ou retracto que lle corresponde en vivendas nas que se materializaron aproveitamentos urbanísticos municipais, dentro do prezo máximo legal permitido e con independencia do seu posterior cambio de cualificación para o seu arrendamento. Nestas vivendas admitiranse como cargas as derivadas da propia cualificación da vivenda.

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



O Concello de Vigo formalizará unha escritura pública de compravenda con cada un daqueles licitadores cuxa proposición fose seleccionada por reunir os requisitos establecidos no presente prego, entendéndose pois, todas as referencias que no presente prego se realicen ao adxudicatario a cada un dos licitadores seleccionados.

3.- ORZAMENTO.-

O orzamento máximo para a presente licitación ascende a 2.500.000,00 € que é o importe total do programa de compra para incorporar á política municipal de vivenda, incluído na partida orzamentaria 1510.6820000 habilitada na aprobación da modificación orzamentaria 3/2025 (Expte 17946/407).

Con cargo ao devandito importe abonarase o prezo das vivendas, establecendo unha contía máxima por vivenda de 180.000,00 € conforme á cláusula 11.4 do presente prego. No devandito importe incluíranse todas as obras necesarias de acondicionamento e no seu caso de reparación das vivendas que permitan a súa adecuada habitabilidade e destino para o alugueiro, así como os gastos de notaría, rexistro e impostos.

4.- VIXENCIA.-

A vixencia do presente prego esténdese dende a súa aprobación ata o día 31 de outubro de 2026 incluído. Sen prexuízo do devandito límite, os interesados poderán presentar as súas ofertas a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación ata o 31 de outubro de 2026.

Sen prexuízo do anterior, a convocatoria poderá finalizar antes do devandito prazo no suposto da execución da totalidade do orzamento destinado a esta finalidade.

En todo caso a formalización da transmisión da vivenda en documento público deberase realizar con anterioridade ao 19 de decembro de 2026, de conformidade coa cláusula 16 do presente prego.

5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.-

En consonancia co disposto polo art. 22 RXLPAP poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar conforme as normas contidas no Cód. Civ. sobre capacidade xeral para toda clase de contratos e en particular, para o de compravenda.

A capacidade de obrar das persoas naturais acreditarase mediante a presentación do Documento Nacional de Identidade ou no caso de persoas estranxeiras, mediante o Número de Identidade de Extranxeiro (en diante DNI/NIE) ou documento que, no seu caso lle/s substitúa legalmente. A capacidade de obrar das persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución ou de modificación de sociedade, debidamente inscrita no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, facendo constar o seu Número de Identificación Fiscal (en diante NIF).

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Cando se trate de empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior, a capacidade de obrar acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



As empresas estranxeiras deberán presentar a súa documentación traducida a calquera dos dous idiomas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, ao galego ou ao castelán.

En calquera caso, será preciso que as persoas licitadoras non se atopen incursas nas prohibicións para contratar establecidas no art. 71 LCSP, nin nunha situación de incompatibilidade derivada dun conflito de intereses dos previstos no art. 64 LCSP e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de conformidade co previsto no presente prego debendo atoparse ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias (estatais, autonómicas e municipais) e coa Seguridade Social e autorizando expresamente ao Servizo Xestor a solicitar de oficio ás Administracións correspondentes os certificados acreditativos para o caso de que resulte adxudicatario do contrato.

6. PROCEDEMENTO.-

6.1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

O órgano de contratación é o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo; co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, toda a información relevante relativa ao presente contrato atoparase aloxada na Plataforma de Contratación do Sector Público, á que se terá acceso a través do seu perfil do contratante publicado na páxina web corporativa do Concello de Vigo. En concreto o enderezo de internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é o seguinte:

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/DcexCoAgEADQr2m-oCEIGqxtolU7UCLKz2ljgK_vt72wIACw_jQjKkR0f_X1rnkic8muWsjP0SWCwVZHKxgwJDtE-hbj9MrRRkPn3mOi6pyUdZv17aQQug-9lzFuQ!!/

Non obstante, para protexer información especialmente delicada por razóns de protección de datos e de seguridade e evitar posibles ocupacións ilegais das vivendas ofertadas, o órgano de contratación non esixirá no presente contrato o emprego de medios electrónicos no proceso de presentación de ofertas, consonte ao disposto pola Disposición Adicional 15.4 LCSP.

O Servizo Xestor é a Oficina de Vivenda e Solo da XMU, situada no 1.º andar desta sede (Praza do Rei, s/n, 36201, Vigo), con núm. de teléfono 986 810 350 e con enderezo electrónico a efectos de contacto para o presente procedemento urb.vivenda@vigo.org. O horario de atención ao público é de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

6.2. MESA DE SELECCIÓN:

Para o presente contrato, pola súa especial singularidade, considérase necesario a constitución dunha Mesa de Selección específica distinta da Mesa de Contratación Permanente da Xerencia Municipal de Urbanismo; neste senso, serán membros desta Mesa de Selección, a lo menos:

1. Presidenta/e:

A vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo e Concelleira delegada da área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo.

Suplente: Concelleira/o en quen delegue.

2. Vogais:

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



- 2.1. A Concelleira delegada da área de goberno de Política Social e Participación cidadán do Concello de Vigo,
- 2.2. O Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo ou funcionario en quen delegue,
- 2.3. O Interventor Xeral Municipal ou funcionario en quen delegue,
- 2.4. O Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo,
- 2.5. Una/un arquitecta/o da Xerencia Municipal de Urbanismo,
- 2.6. Una/un Técnica/o de Administración Xeral da Oficina de vivenda e Solo da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3. Secretaria/o:

Una/un Técnica/o de Administración Xeral dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo.

A composición desta Mesa de Selección publicárase no perfil do contratante do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade coa Disposición Adicional 2.7 “*in fine*”.

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas corresponderalle á citada Mesa de Selección, con periodicidade mensual e logo de ver o/s informe/s emitido/s polos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo. Para a válida constitución da Mesa, requiríraase a presenza da maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, da Presidencia da Mesa, da/o Secretaria/o da Mesa e a lo memos, un vogal da mesma.

De todo o actuado deixárase constancia nas actas que necesariamente deberán estenderse.

6.3. FORMA DE ADXUDICACIÓN:

O contrato de compravenda de cada vivenda adxudicarase polo procedemento establecido no presente prego de condicións e a súa adxudicación levarase a cabo tendo en conta como orde de prelación a orde de presentación das ofertas de venda das vivendas (en diante, oferta) na Oficina de Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, poñéndoa en relación co cumprimento das condicións técnicas e económicas determinadas na cláusula 11 do presente prego e á vista do/s informe/s emitidos polos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en relación coas ofertas achegadas. En función das necesidades sociais constatadas polos Servizos Municipais do Concello, a Mesa poderá adaptar a compra de vivendas por ámbitos consonte ao disposto na cláusula 11.1.a) do presente prego e seguindo en cada un deles a correspondente orde de prelación na presentación.

A Mesa de Selección irá estudando e valorando as ofertas achegadas por Rexistro cunha periodicidade mensual, unha vez que se teña constancia da documentación presentada consonte ás cláusulas 7 e 8 do presente prego, e propoñerá a adxudicación cumpridas as condicións establecidas na cláusula 11 e logo de ver o/s citado/s informes emitido/s polos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, podendo adxudicarse e formalizar a escritura pública de cada vivenda, unha vez achegada a documentación sinalada na cláusula 14, ata a finalización do orzamento ou vencemento do prazo de vixencia da licitación, consonte ao disposto na cláusula 4 do mesmo.

No suposto do exercicio do dereito de tenteo e/ou retracto, tendo coñecemento a Xerencia Municipal de Urbanismo, da vontade de venda da vivenda, requirírase á propiedade a achega da documentación necesaria, de conformidade co procedemento sinalado no presente prego, para que, unha vez analizada a mesma e verificadas as condicións da vivenda, a Xerencia Municipal de Urbanismo, declare a vontade da súa adquisición, rexendo, o resto de requisitos, termos e condicións regulados no prego.

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



O procedemento establecido no presente prego non exclúe a posibilidade de que a Xerencia Municipal de Urbanismo poida dirixirse ao mercado (particulares, portais inmobiliarios, institucións etc.) para interesarse pola compra de vivendas que se puidesen adquirir no mesmo.

Neste caso, as vivendas deberán reunir igualmente as condicións técnicas e económicas fixadas neste prego.

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

De acordo coa Disposición Adicional 15.4 LCSP a presentación das ofertas non se levará a cabo utilizando medios electrónicos, en tanto que faise necesario protexer información especialmente delicada por razóns de protección de datos e de seguridade e evitar posibles ocupacións ilegais das vivendas ofertadas.

Debe precisarse que esta excepción adóptase unicamente para a presentación de ofertas, sen prexuízo da publicidade que corresponda a través do perfil do contratante na Plataforma de Contratación do Sector Público a tenor da LCSP e de que as notificacións e comunicacións posteriores se realicen tamén por medios electrónicos para facilitar en todo caso o acceso voluntario ás mesmas para os obrigados a relacionarse electrónicamente coa Administración consonte ao art. 14.2 LPAC e en atención á natureza patrimonial do contrato para favorecer a articulación do sistema por medios electrónicos de conformidade coa Dispos. Ad. Décimoquinta da LPAP.

Por outro lado, débese facer notar que con estes pregos preténdese garantir a concorrência tanto de persoas xurídicas como de persoas físicas non obrigadas a relacionarse electrónicamente coa Administración.

As ofertas deberán ser presentadas conforme ao establecido na cláusula 8 do presente prego -referente á forma e contido das proposicións-, na Oficina de Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, situada na Prazo do Rei, s/n, en Vigo, en día hábil, en horario de 09:00 a 13:30 hs no prazo sinalado no anuncio de convocatoria que será publicado no perfil do contratante do órgano de contratación, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

No caso de remisión de ofertas por correo postal, só se admitirán as ofertas presentadas ata as 23:59 hs do último día do prazo establecido, e deberá xustificarse a data de imposición do envío na Oficina de Correos comunicándolle ao órgano de contratación a remisión da oferta no enderezo electrónico do Servizo Xestor: urb.vivenda@vigo.org. Non se admitirá oferta algunha que non acredite o prazo de imposición do envío. Cando transcorran dez días hábiles dende que a presentación fose comunicada sen que esta fose recibida, non será admitida a oferta.

No caso de que a documentación se envíe por calquera servizo de mensaxería, será imprescindible que non figure no dito sobre/paquete ningún selo ou ficha adhesiva que permita coñecer o nome do remitente.

O sobre/paquete que conteña o sobre a presentar entregarse na Oficina de Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, na que se dará recibo ao presentador, no que constará a denominación do obxecto do contrato e/ou o título da presente licitación e o día e hora de presentación.

Desde a publicación do anuncio de convocatoria da presente licitación poderanse facer todas as consultas que se estimen oportunas no enderezo electrónico do Servizo Xestor. As respostas ás consultas formuladas publicaranse no perfil do contratante do órgano de contratación.

Non se terán en conta as ofertas que ao peche do prazo de presentación sinalado no anuncio consonte á cláusula 4 (31 de outubro de 2026) non se atopen debidamente rexistradas. Cada oferta incluírá unha única vivenda cos seus anexos inseparables no seu caso, podendo cada interesado presentar tantas ofertas como vivendas queira ofrecer.

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo licitador do contido da totalidade dos apartados ou condicións do presente prego que rexen o contrato, sen condición ou reserva algunha. As ofertas deberán estar escritas en galego ou castelán.

Cada unha das ofertas seleccionadas non crea dereito algún a favor do licitador que a presentara.

As notificacións realizarase no domicilio que se facilite a efectos de notificacións no ANEXO I; non obstante, co obxecto de axilizar o procedemento realizaranse aviso/s da/s notificación/s que se practique/n no enderezo electrónico que o licitador teña manifestado como preferente a estes efectos no ANEXO I e así mesmo, poderá/n establecerse comunicación/s telefónica/s no núm. de teléfono manifestado no mesmo. En ambos os dous casos o/s licitador/es poderán comparecer na Oficina de Vivenda e Solo da Xerencia Municipal de Urbanismo para recoller con máis celeridade a/s notificación/s. Todas as notificacións aínda que practicadas en papel, serán asemade postas a disposición do/s interesado/s na sede electrónica do Concello de Vigo e na Dirección Electrónica Habilitada Única (en diante, DEHÚ), para que poidan acceder ao seu contido.

Calquera modificación do enderezo postal a efectos de notificacións, así como do enderezo electrónico preferente para os aviso/s de notificación/s que se practiquen, así como para a posta a disposición na sede electrónica e na DEHÚ e/ou do número de teléfono de contacto manifestado/s no ANEXO I deberá ser comunicada á Xerencia Municipal de Urbanismo por escrito debidamente rexistrado na mesma; en caso contrario entenderase que o licitador desistiu do seu dereito para continuar no procedemento de selección.

8. FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

Cada licitador deberá presentar UN SOBRE XENÉRICO pechado e debidamente asinado por el no exterior, no que conste o título da presente licitación, así como os datos persoais do licitador e no seu caso, da persoa que o represente (nome e apelidos e DNI/NIE da persoa física e/ou do seu representante legal, xunto coa denominación da empresa e facendo constar o seu NIF e en ambos os dous casos coa súa dirección a efectos de notificacións, así como un núm. de teléfono e un enderezo electrónico válido a efectos de aviso de notificacións) e NO QUE OBRIGATORIAMENTE DEBERÁN INCLUÍRSE OUTROS DOUS SOBRES, igualmente identificables:

a) SOBRE 1, “DOCUMENTACIÓN XERAL”:

Este sobre conterá unha declaración responsable e descrición da vivenda de conformidade co modelo incorporado como ANEXO I ao presente prego, así como unha nota simple informativa do Rexistro da Propiedade e de dispor del, un plano da vivenda.

O representante legal da propiedade deberá incorporar neste sobre poder ou mandato ou contrato de encarga de venda da vivenda que o acredite como representante da propiedade para os efectos da presente licitación.

No devandito ANEXO I cumprimentaranse as condicións da vivenda conforme ao mesmo e acompañarase de nota simple informativa do Rexistro da Propiedade, coas cargas se as houbera.

A acreditación fidedigna dos requisitos referidos no SOBRE 1 realizarase previamente á formalización da transmisión da vivenda en documento público, de conformidade coa cláusula 15 do presente prego.

b) SOBRE 2, PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

Este sobre incluírá a oferta económica que se presentará redactada conforme ao modelo fixado no ANEXO II do presente prego, non aceptándose aquelas que conteñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente a oferta.

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, contivese erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rechazada pola Mesa de Selección mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

Unicamente, en caso de discrepancia entre a oferta económica expresada en números e a expresada en letra, prevalecerá esta sobre aquela na medida en que dos documentos que compoñen a proposición non se desprenda outra cousa.

Esta proposición económica deberá estar asinada por aquel que teña facultades para realizala (o/s oferente/s ou no seu caso, o/s seu/s representante/s). Non se admitirán ofertas de compra parcial ou condicionada.

Por tanto, o licitador deberá presentar un SOBRE XENÉRICO nos termos descritos ao principio desta cláusula, que conteña un SOBRE 1 de documentación xeral consistente nunha declaración responsable e unha descrición da vivenda e a nota simple rexistral e de dispor del, o plano da vivenda, nos termos sinalados no ANEXO I, e un SOBRE 2 para a proposición económica da vivenda, coa oferta que se realice á Xerencia Municipal de Urbanismo, nos termos recollidos no ANEXO II.

Todos os sobres deberán ser identificables en canto á presente licitación e quen realiza a oferta, de conformidade co establecido nesta cláusula debendo conter a identificación da propiedade e no seu caso do representante da mesma e vir subscritos polo/s propietario/s (por todos, se houbera mais de un) ou polo/s seu/s representante/s lega/l/is.

No exterior do sobre xenérico deberá constar claramente non só a identidade da propiedade e no seu caso do seu representante legal, senón tamén o enderezo postal, enderezo de correo electrónico e núm. de teléfono de contacto. Cada licitador poderá presentar tantas ofertas como vivendas queira presentar a este procedemento.

Polo que se refire á descrición da vivenda, incluírase a descrición da vivenda de conformidade co ANEXO I do presente prego, non aceptándose aquelas que non reúnan os requisitos mínimos contemplados no presente prego ou nas que se aprecien contradicións importantes entre a nota simple informativa do Rexistro da Propiedade e a declaración asinada consonte ao ANEXO I. En caso de dúbida primarán os datos recollidos na nota simple informativa do Rexistro da Propiedade. Todo iso, con independencia das posibles consecuencias do resultado derivado da visita de verificación á vivenda de conformidade co presente prego.

A oferta económica, polo mero feito de presentarse, terá unha vixencia de seis meses. Durante este prazo a propiedade non poderá dispoñer da mesma sen consentimento expreso da Xerencia Municipal de Urbanismo.

9. APERTURA DE OFERTAS. CUALIFICACIÓN E VALORACIÓN

A Mesa de Selección reunirse cunha periodicidade mensual sempre que se teñan presentado ofertas ou resulte necesario tratar asuntos relacionados coas xa presentadas. As ofertas para analizar pola Mesa de Selección serán todas as recibidas ata a data de convocatoria da sesión.

Realizada a apertura das ofertas, a Mesa procederá a dar lectura da identificación do interesado, da vivenda que ofrece en venda, para o seu exame e a cualificación da documentación de carácter xeral presentada polo interesado no SOBRE 1.

Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicáraselle ao interesado mediante notificación practicada a estes efectos, conferíndolle un prazo máximo de cinco días hábiles dende a súa recepción para que corrixa ou emende a documentación requirida ou para que presente aclaracións ou documentos complementarios. Non obstante, aos efectos de axilizar o procedemento



practicarase asemade un aviso da notificación no enderezo electrónico manifestado a estes efectos e poderán establecerse comunicacións telefónicas; en ambos os dous casos os licitadores poderán comparecer na Oficina de Vivenda e Solo da Xerencia Municipal de Urbanismo para recoller con máis premura a/s notificación/s. Asemade, todas as notificacións aínda que practicadas en papel, serán asemade postas a disposición do/s interesado/s na sede electrónica do Concello de Vigo e na Dirección Electrónica Habilitada Única (en diante, DEHÚ), para que poidan acceder ao seu contido.

A Mesa de Selección propoñerá ao órgano de contratación a exclusión daquelas ofertas que non cumpran cos requisitos esixidos, que non fosen emendadas ou cuxa corrección se efectuara fóra de prazo ou non fosen cumprimentadas conforme aos requirimentos esixidos.

10. REQUISITOS DAS OFERTAS

A aceptación das ofertas realizarase en todo caso cumprindo cos requisitos previstos en relación coas condicións técnicas e económicas das vivendas, entendendo por tales as condicións xerais, o ámbito territorial, as características mínimas de aptitude das vivendas e elementos comúns do inmovible e elementos comúns do inmovible e as condicións económicas de conformidade co establecido na cláusula 11 do presente prego e tendo en conta a orde de rexistro da solicitude así como o orzamento obrante na Xerencia, coas excepcións ou regras particulares contempladas no presente prego.

11. CONDICIÓNS TÉCNICAS E ECONÓMICAS DAS VIVENDAS:

11.1. CONDICIÓN XERAIS

Deberanse de reunir, para estes efectos, os seguintes requisitos:

- a) O ámbito territorial onde se deben localizar as vivendas é no Solo Urbano Consolidado do municipio de Vigo e nos Solos de Núcleo Rural.
- b) As vivendas deberán estar, no momento da compravenda, a nome da persoa física ou xurídica con, polo menos, tres meses de antelación á data de publicación do anuncio de licitación, salvo sucesión mortis causa ou sentenza xudicial pendente da súa regularización no Rexistro da Propiedade, cuxa regularización, en todo caso, deberase realizar previamente á transmisión ao Concello de Vigo, no suposto de ser seleccionada.
- c) As vivendas deberán estar libres de cargas e gravames e en condicións xurídicas que permitan o seu inmediato uso e escrituración e inscrición no Rexistro da Propiedade.
- d) As vivendas deberán estar libres de arrendatarios, ocupantes e precaristas.
- e) As vivendas deberán estar, no momento da firma da escritura de compravenda, ao corrente de pago dos gastos da comunidade, incluídas posibles derramas pendentes, e dos impostos que puideren gravala. De non estalo, non será causa de inadmisión da oferta nos casos en que poidan detraerse, de forma certa, as cantidades debidas do prezo da compravenda pola Xerencia Municipal de Urbanismo.
- f) En todo caso, o vendedor farase responsable das posibles débedas coas compañías subministradoras ata a data de formalización ante Notario da compravenda da vivenda.
- g) No suposto que a promoción onde radica a vivenda houbera contemplado unha parte alicuota doutra vivenda, rocho, praza de garaxe, local ou zona, xa na propia finca rexistral ou noutra diferente, para uso e goce da propiedade daquela, o prezo ofertado pola venda da vivenda conlevará o de todas as fincas rexistrais vinculadas á vivenda.



h) Os gastos de Comunidade non poderán superar os 100,00 €/mes. Esta cantidade só poderá ser superada en función da inclusión naqueles de gastos de calefacción ou outros gastos comúns diferentes dos gastos de conservación e mantemento de zonas comúns a consideración da Mesa de Selección.

En todo caso, e con independencia do anteriormente exposto, se se atopan pendentes débedas económicas derivadas de derramas ou débedas á comunidade, poderase deducir as mesmas do prezo mutuamente aceptado. Igualmente poderase proceder no suposto de ter débedas coa administración municipal ou cancelacións hipotecarias. O momento en que a vivenda se debe atopar libre de cargas e gravames será no momento da formalización da escritura pública de compravenda, pudéndose detraer do prezo a eliminación de calquera carga, asumindo a propiedade tanto a mesma como os custos derivados da súa eliminación. Todo iso sen prexuízo das especialidades derivadas dunha posible cualificación dunha vivenda protexida.

11.2. CONDICIÓN TÉCNICAS EN RELACIÓN CO ÁMBITO TERRITORIAL

As vivendas deberán atoparse situadas dentro do ámbito establecido na cláusula 11.1 a) e sobre as mesmas polos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo emitirase, para elevar á Mesa de Selección, un informe de viabilidade técnica no que se terá en conta cales son as ofertas consideradas economicamente máis vantaxosas no seu conxunto atendendo á taxación emitida en función dos m² útiles da vivenda, estado de conservación, habitabilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética, postos en relación coa situación concreta do inmovible dentro do ámbito territorial establecido.

Este informe de viabilidade técnica emitirase por tanto logo de que sexan emitidos os correspondentes informes de inspección e de taxación contemplados nas cláusulas 12 e 13 e fixará a orde de prelación para as ofertas presentadas, con carácter previo á apertura do SOBRE 2.

Como criterios técnicos orientadores para a súa emisión contémpanse:

- M2. Útiles da vivenda; valorando neste apartado a existencia de espazos complementarios á vivenda coma rochos e garaxes.
- Estado de conservación; valorando a inexistencia de patoloxías constructivas ou danos derivados da carencia de mantemento, do propio uso da edificación ou da idade da mesma.
- Habitabilidade; valorando a aproximación ós estándares establecidos polo Decreto 128/2023, de 7 de setembro, polo que se modifica o Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- Accesibilidade; valorando a aproximación ós estándares establecidos no CTE DB SUA e na Lei 10/2014 de 3 de decembro de accesibilidade de Galicia.
- Eficiencia enerxética; valorando aquelas propostas que contén cunha maior eficiencia na envolvente térmica así como nos sistemas de produción de ACS e/ou climatización e as que máis se aproximen ós criterios sinalados no CTE DB-HE.

11.3. CARACTERÍSTICAS MÍNIMAS DE APTITUDE DAS VIVENDAS E ELEMENTOS COMÚNS DO INMOBLE

Con carácter xeral, como requisito previo de acceso á licitación, tanto as vivendas como as zonas comúns do edificio, deberán estar en bo estado de conservación, accesibilidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade; en caso contrario, quedarán excluídas do mesmo a pesar da súa admisión inicial. En todo caso, deberán reunir as seguintes características mínimas:

- a) As vivendas deberán ter unha superficie útil mínima non inferior a 40 m².

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



b) Para todos os supostos, as vivendas con independencia do número de dormitorios cos que contén, deberán dispoñer, polo menos, dun baño completo con lavabo, inodoro e bañeira ou ducha, que no caso de que só se dispoñan dun, non será menor de 4,00 m² útiles,

c) As vivendas deberán atoparse ao momento da transmisión baleiras de todos os obxectos persoais, roupa, documentación, libros, cadros, obxectos decorativos, enxoval do fogar,

d) Será esixible contar co Informe de Avaliación da Edificación (IAE) favorable do edificio, nos supostos que sexa obrigatorio por antigüidade do inmovible.

Enténdese por superficie útil, a ter en conta na valoración da oferta, a que figure na escritura de propiedade da vivenda ou na nota simple informativa do Rexistro da Propiedade. No suposto de non coñecerse a superficie útil da vivenda, para a súa obtención multiplicarase a superficie construída que conste en documentos oficiais (Catastro, certificación de VPO...), por un factor de 0,80.

11.4. CONDICIÓN ECONÓMICAS

O orzamento máximo para a presente licitación ascende ás cantidades reflectidas na cláusula terceira do presente prego, incluídos os gastos de obras de adecuación, reparacións, impostos, notaría, rexistros, no seu caso alta de subministracións e os posibles de xestión da tramitación dos expedientes, de conformidade co prego que ampara a presente licitación.

Con cargo ao devandito importe abonarase o prezo das vivendas e o/s imposto/s que, no seu caso, deriven da compra para o Concello, establecendo unha contía máxima de investimento por vivenda de 180.000,00 €, segundo zonas. No devandito importe incluíranse todas as obras necesarias de adecuación e reparación das vivendas que permitan a súa adecuada habitabilidade e destino para o arrendamento.

Con independencia do cumprimento dos parámetros establecidos no presente Prego, non poderán adquirirse vivendas nas cales as actuacións para executar necesarias para conseguir as condicións de habitabilidade adecuadas sexan superiores ao 40% do valor de taxación da citada vivenda. Estas obras de adecuación valoraranse tras a realización da visita á vivenda e expoñeranse ao actual propietario con anterioridade á posible adquisición da mesma.

